

MANUEL MARTÍNEZ VARELA, secretario xeral do Consello Económico e Social de Galicia

CERTIFICO:

Que a comisión Permanente do consello Económico e Social de Galicia, na súa sesión 14/21 de data 20/10/2021, acordou emitir o posicionamento que literalmente se transcribe:

O intenso proceso de axuste e redimensionamento do sector financeiro derivado da excesiva capacidade instalada que se está a producir dende a crise financeira do ano 2008, así como a transformación do seu modelo de negocio, tradúcese, entre outros aspectos, nunha perda de emprego, nunha redución do número de oficinas bancarias e nunha maior concentración do sector por mor das distintas fusións bancarias. Lonxe de rematar, este proceso viuse agravado polo impacto da crise socioeconómica derivada da COVID, que non só acelera este proceso de transformación impulsado polo potencial das novas tecnoloxías, senón que tamén consolida os procesos de integración xa en marcha e facilitará novos procesos de fusións bancarias. Asemade, as medidas adoptadas para frear a expansión do virus acelerou os cambios na forma de relación coas entidades financeiras e contribuíu á consolidación dos novos hábitos de acceso aos servizos e produtos financeiros por parte das persoas e as empresas.

O devandito redimensionamento está a supoñer que cada vez máis concellos non contan con ningunha oficina bancaria no seu territorio, especialmente no ámbito rural (coincide coas denominadas zonas pouco poboadas segundo o seu grado de urbanización). No ano 2020 un total de 45 concellos galegos non contaban con ningunha oficina financeira, das que 44 o estaban no ámbito rural, 18 concellos máis que no ano 2008. Atendendo á distribución segundo concellos e número de habitantes, dos devanditos 45 concellos sen sucursais bancarias, 6 corresponden a municipios con menos de 500 persoas residentes, en 13 residen entre 501 e 1.000 persoas, en 18 concellos entre 1.001 e 1.500 habitantes, en tanto que tan só dous concellos superan lixeiramente as 3.200 persoas residentes.



	2008				2020				Concellos sen sucursais	
	Rede Oficinas	Pob.	Sup.		Rede Oficinas	Pob.	Sup.		2008	2020
	Nº	(%)	(%)	(%)	Nº	(%)	(%)	(%)	Nº	Nº
Galicia	2.534	100	100	100	1.234	100	100	100	27	45
ZDP	1.097	43,3	35,7	3,3	487	39,5	36,8	3,3	-	-
ZIP	750	29,6	35,1	14,9	381	30,9	36,9	14,9	1	1
Alta	552	21,8	26,9	9,4	275	22,3	28,5	9,4	-	-
baixa	198	7,8	8,3	5,5	106	8,6	8,5	5,5	1	1
ZPP (Rural)	687	27,1	29,2	81,8	366	29,7	26,2	81,8	26	44
Baixa	419	16,5	16,8	65,2	222	18,0	14,2	65,2	23	39
Intermedia	133	5,2	5,0	8,9	69	5,6	4,6	8,9	2	3
Alta	135	5,3	7,4	7,7	75	6,1	7,4	7,7	1	2

Tendo en conta o carácter transversal do sector financeiro e a súa gran relevancia social, o CES ve con preocupación os efectos da reestruturación no sector, principalmente no ámbito rural, e do forte crecemento da dixitalización, xa que esta tendencia podería agravar a despoboación e abandono das zonas rurais. Así, insta aos poderes públicos a tomar medidas neste senso buscando un equilibrio entre as necesidades do sistema financeiro e a protección dos territorios e as persoas usuarias, en particular as pequenas empresas e as persoas especialmente vulnerables.

Asemade, tendo en conta o incremento do número de concellos no ámbito rural que non dispoñen de entidades financeiras, así como os novos desafíos aos que se enfronta o sector financeiro, o CES considera que a Administración pública, xunto co sector financeiro, ten de adoptar medidas co obxectivo de que se minimice o risco de exclusión financeira e dixital, especialmente no ámbito rural onde a poboación residente ten unha idade avanzada, polo xeral pouco familiarizados con entornos dixitais e cunha reducida cultura financeira, e con dificultades de acceso a infraestruturas de telecomunicacións de calidade.

E para que así conste e aos efectos oportunos expido o presente en Santiago de Compostela na data que figura na sinatura.

O secretario xeral

(documento asinado dixitalmente)

